

GAÑADORA BACHARELATO/FP

NOELIA PARRACHO RIAL

2º curso IES Francisco Asorey (Cambados)

UNHA PALABRA

Oía a monótona e alarmante melodía dunha sirena, a un tempo presto, seguindo o ritmo dos seus pasos.

Corría e sentía a musicalidade daquel son nos seus oídos.

Podía sentir aquelas notas cada vez máis preto, tiña que seguir correndo. Fuxir coma se non existise un mañá.

As súas pernas tremían, exhaustas, era un tipo de cansazo ó que non estaba acostumada. Era un cansazo físico, e gustáballe. Facíalle latexar o corazón que olvidara que tiña, ata agora, e volveu a sentirse viva de novo.

Sen decatarse, os seus beizos formaron unha curva e os seus ollos deron en pecharse, gozando do reencontro consigo mesma.

A pesar de que a súa gorxa estaba fría, o seu corpo sobrepoñíase, desbordante dunha calidez que a facía tremer de emoción e enerxía, sentíndose cada vez máis cerca da súa meta.

Abriu os ollos, divisando o enreixado que a separaba dunha nova vida.

Con dificultades, saltouno, e unha reixa esgazou a tea negra que a cubría, mais non lle prestou atención, non a necesitaría nunca máis.

Comezou a correr por aquelas terras descoñecidas sabendo que endexamais volvería á súa casa.

Descalza, sentido a terra seca baixo os seus pés e co cabelo solto, bailando co aire, coñeceu por fin a palabra que tanto buscara. A sensación que desexara con todo o seu ser dende nena, pola que deixara todo e coa que soñaba todas as noites.

Unha soa palabra que estivera retida e presa baixo unha peza de tea, baixo un burka.

Liberdade.